



O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 02-07-2026
ata a día 17-07-2026
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

P.O.

DECRETO

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Por acordo da Xunta de Goberno do 27.02.2026, apróbase a convocatoria e as bases específicas para a elaboración dunha listaxe de emprego de TÉCNICO/A SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA E CONTABILIDADE para prestar servizos de carácter temporal na Deputación de Lugo (BOP núm. 052, do 05.03.2026).

As bases xerais que rexen a convocatoria son as que establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade) publicadas no BOP núm. 260, do 12.11.2025.

Concluído o proceso, o Tribunal acordou propoñer que o procedemento selectivo fose declarado deserto, proposta que foi publicada o 04.06.2026 na páxina web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) así como no taboleiro de anuncios da entidade.

Á vista do sinalado propónse á presidencia que, de acordo co sinalado nas bases xerais 10 e 11 que rexen esta convocatoria e, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 54 do vixente Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, resolva:

1º.- Declarar rematado o procedemento selectivo convocado para a elaboración dunha listaxe de emprego de TÉCNICO/A SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA E CONTABILIDADE, grupo A – subgrupo A1, para prestar servizos de carácter temporal na Deputación de Lugo.

2º.- Declarar deserto o dito procedemento selectivo.

3º.- Ordenar a publicación da presente resolución na páxina web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH), así como no taboleiro de anuncios da entidade.”

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

A PRESIDENTA,

P.D. Decreto de data 14-01-2026

O DEPUTADO PROVINCIAL,

O SECRETARIO,

Asdo: Pablo Rivera Capón

	IV76RUBKNHXTYVN2AEHMGB7EHY	Fecha y Hora	02/07/2026 12:00:31
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTA)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76RUBKNHXTYVN2AEHMGB7EHY	Página	1/1

